



LOITAMOS CONTRA OS RECORTES PORQUE AS NAIS E PAIS:



- Non aceptamos que haxa nenas e nenos que pasen fame nos centros educativos por falta de becas de comedor escolar.
- Non aceptamos que se eliminaran as axudas para a adquisición de libros de texto e material curricular ou que as familias teñan que adiantar os cartos para as mesmas.
- Non aceptamos que as suplencias de docentes estean sen cubrir varios días, perdendo así unha cantidade importante de tempo escolar.
- Non aceptamos que as Escolas Infantís Públicas teñan cotas tan altas que as familias teñan que verse na obriga de rexeitar as prazas.
- Non aceptamos que se eliminara ou reducira a compensación educativa, o reforzo escolar e a atención á diversidade.
- Non aceptamos que as novas tecnoloxías sigan a ser unha utopía no día a día dos centros escolares.
- Non aceptamos que se pechen centros educativos públicos cando as familias queren seguir escolarizando neles aos seus fillos e fillas.
- Non aceptamos que se eliminen as rutas escolares que garanten que todo o alumnado poda exercer o seu dereito á educación.
- Non aceptamos que o ensino non obrigatorio teña taxas que impidan escolarizar nel aos seus fillos e fillas.
- Non aceptamos que o despido do profesorado nos condene a ter grupos sen desdoblar ou bibliotecas pechadas.
- Non aceptamos que se elimine orzamento para o funcionamento dos centros, as actividades extraescolares e as complementarias.
- Non aceptamos o abandono do mantemento dos centros educativos, condenándoos a un deterioro innecesario.
- Non aceptamos a paralización da construción de novos centros educativos que sexan necesarios para garantir a existencia suficiente de postos escolares públicos.
- Non aceptamos que se poña fin a proxectos que xa demostraron a súa eficacia para mellorar a calidade do sistema educativo.
- Non aceptamos a financiación do ensino privado con fondos públicos.

E non aceptamos moitas outras medidas de recorte e desmantelamento postas en marcha coa excusa da crise económica.

ESIXIMOS a financiación axeitada do noso sistema educativo público para asegurarlle os recursos necesarios.

ESIXIMOS un cambio radical nas políticas educativas que se están a desenvolver contra do dereito á educación, dirixidas de maneira especial contra todo o público.

ESIXIMOS o relevo de todos os gobernantes que son responsables desta situación.